



biblioteca virtual
de literatura universal en galego

<http://www.bivir.com>

FESTA NO XARDÍN

Katherine Mansfield

Tradución ó galego: María Ana Valladares Fernández

Título orixinal: The Garden Party



© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2007
© da tradución, María Ana Valladares Fernández, 2007

E, despois de todo, o tempo era ideal. Aínda de que o encargaran, non poderían ter un día máis perfecto para unha festa no xardín. Sen vento, cálido, o ceo sen unha nube. O azul do ceo só estaba velado por unha néboa de ouro claro, como acontece ás veces a principios do verán. O xardineiro estaba en pé dende a alborada, segando os campos e varréndoos, ata que o céspede e os chatos e escuros rosetóns onde estiveran as margaridas pareceron brillar. En canto ás rosas, era máis que evidente que tiñan entendido que as rosas eran as únicas flores que impresionan á xente nas festas de xardín, as únicas flores que todo o mundo coñece. Centos, si, literalmente centos delas floreceran nunha soa noite; as silveiras verdes estaba inclinadas en reverencia coma se os arcanxos as visitaran.

O almuerzo aínda non concluíra cando chegaron os homes a levantar a carpa.

—Mamá onde queres poñer a carpa?

—Miña filla querida, é inútil preguntarmo. Este ano decidín deixar todo nas vosas mans, nenas. Esquecede que son a vosa nai. Tratádeme como a un convidado de honor.

Pero a Meg éralle imposible ir supervisar os homes. Lavara o pelo antes de almorzar e estaba sentada tomando café cun turbante verde e cun escuro rizo húmido estampado en cada meixela. Jose, a bolboreta, sempre baixaba cun biso de seda e un quimono.

—Terás que ir ti Laura; ti es a artista.

Alá correu Laura, aínda co seu anaco de pan con manteiga na man. É tan delicioso atopar unha escusa para comer fóra e, ademais, adoraba ter que organizar cousas; sempre lle parecía que podía facelas tanto mellor que calquera outro.

Catro homes en mangas de camisa estaban agrupados no camiño do xardín. Levaban estacas cubertas con rolos de lona, e grandes caixas de ferramentas ás costas. Eran impresionantes. Oxalá Laura non tivese aquel anaco de pan e manteiga na man, pero non había onde poñelo e tampouco podía tiralo. Arroibou e tratou de parecer severa e ata un pouco curta de vista a medida que se achegaba a eles.

—Bos días —dixo, imitando a voz da súa nai. Pero aquilo soaba tan

tremendamente afectado que se avergoñou, e tatejou coma unha rapaciña.

—Ah chegaron...!, é pola carpa?

—Así é, señorita —respondeu o máis alto de todos, un tipo langrán e con pencas, e moveu a súa caixa de ferramentas, botou cara atrás o seu sombreiro de palla e díxolle sorrindo:

—É por iso.

O seu sorriso era tan natural, tan amigable que Laura se repuxo. Que bonitos ollos tiña! Pequenos, pero dun azul tan escuro! E cando mirou aos demais eles tamén sorrían. “Ánimo, que non mordemos!”, parecía dicirlle o seu sorriso. Que obreiros tan agradables! E que fermosa mañá! Pero non tiña que mencionar a mañá; debía ser práctica. A carpa.

—Ben, que lles parece aquel macizo de azucenas? Servirá?

E sinalou o macizo de azucenas coa man que non sostíña o pan con manteiga. Eles volvéronse, e miraron naquela dirección. Un tipo baixo e gordo fixo asomar o beizo inferior e o alto pregou o cello.

—Non me gusta —dixo—. Non destaca abondo. Sabe, tratándose dunha carpa —e volveuse cara a Laura coa súa naturalidade—, hai que poñela nun lugar onde che entre directamente polo ollo, coma quen di.

A educación de Laura fixo que se preguntase por un intre se non era unha falta de respecto por parte dun traballador falar de entrar polo ollo. Pero comprendeuno moi ben.

—Unha esquina da cancha de tenis —suxeriu ela—. Pero a orquestra vai estar nunha esquina.

—Hum, van ter unha orquestra? —preguntou outro dos obreiros. Estaba pálido. Puxo unha mirada perversa, mentres os seus ollos escuros lle botaban unha ollada á cancha de tenis. Que estaría a pensar?

—Só unha orquestra moi pequena —dixo Laura con dozura. Quizais non lle importase tanto se a orquestra era pequena. Pero o tío alto interrompeuna:

—Mire alí, señorita, ese é o lugar. Xunto a aquelas árbores. Alí. Aí estará ben.

Xunto aos karakas¹. Entón os karakas quedarían escondidos. E eran tan fermosos, coas súas anchas e escintilantes follas, e os seus acios de froita amarela. Eran

¹ *Karaka* é o nome maorí dunha árbore orixinaria de Nova Zelandia, da familia das *Corynocarpaceae*; nome científico: *Corynocarpus laevigata*; nome vulgar: *loureiro de Nova Zelandia*.

como árbores que un imaxina medrar nunha illa deserta, orgullosos, solitarios, elevando as súas follas e froitos ao sol nunha especie esplendor silandeiro. Había que tapalos cunha carpa?

Había. Xa os homes cargaran as estacas e se dirixían ao sitio. Só o tipo alto quedou atrás. Inclínouse, estrullou unha ramiña de lavanda, levou o dedo polgar e o índice ao nariz e inhalou o arrecendo. Cando Laura viu aquel xesto esqueceu os karakas, abraiada de que se interesase por algo así, que se interesase polo arrecendo da lavanda. Cantos homes dos que ela coñecía farían unha cousa así? Pero que traballadores tan sumamente simpáticos!, pensou. Por que non podía ter obreiros de amigos en vez dos rapaces parvos cos que bailaba e que viñan cear os domingos á noite? Levaríase moito mellor con homes coma estes.

Toda a culpa téñena, decidiu no momento en que o home alto debuxaba algo na parte de atrás dun sobre, algo que debía ser atado ou quedar colgado, estas absurdas distincións de clase. Pero, pola súa parte, a ela non lle afectaban. Nin o máis mínimo, nin un átomo... E agora chegou o tac-tac dos martelos de madeira. Un asubiaba, outro cantaba: “Estás ben aí compadre?” “Compadre!” O compañeirismo o... o... Para probar que contenta estaba e demostrarlle ao home alto que estaba ás súas anchas, e canto aborrecía as convencións estúpidas, Laura deulle unha boa dentada ao pan con manteiga, mentres esculcaba o debuxiño. Sentíase tal cal unha moza obreira.

—Laura, Laura! Onde estás? Ao teléfono, Laura! —berrou unha voz dende a casa.

—Xa vou!, e pasou o céspede, cruzou o camiño, subiu os chanzos, atravesou a terraza e chegou ao pórtico polos aires. No vestíbulo, o seu pai e Laurie estaban a cepillar os sombreiros, listos para iren á oficina.

—Oíches, Laura —dixo Laurie con rapidez—, poderías botarlle unha ollada ao meu abrigo antes da tarde? Mira se necesita unha pasada.

—Fareino! —de súpeto non podía conterse. Correu cara a Laurie e deulle un rápido apertón—. Oh! Adoro as festas, e ti? —murmurou Laura.

—Bastante —dixo a cálida e xuvenil voz de Laurie.

Tamén apertou á súa irmá e logo deulle un empurrón. Corre ao teléfono, rapaza.

O teléfono.

—Si si; oh si! Kitty? Bos días querida. Vés xantar? Vén, querida. Un pracer, por

suposto. Vai ser unha comida improvisada: sándwichs, cunchas de merengue e o que sobre. Si, non é unha mañá ideal? O branco? Oh seguramente! Un momento; espera. Mamá chámame. —Laura sentou—. Que dis mamá? Non te oio.

A voz da señora Sheridan baixou flotando polas escaleiras.

—Dille que poña ese precioso sombreiro que levaba o último domingo.

—Di mamá que poñas ese precioso sombreiro que levabas o domingo. Vale. Á unha. Adeus.

Laura colgou o auricular, botou os brazos por riba da cabeza, inspirou aire profundamente, estarricounos e deixounos caer.

—Uf! —suspirou, e despois incorporouse axiña. Quedou quieta, escoitando. Todas as portas da casa parecían abertas. A casa estaba viva, con suaves e rápidas pisadas e continuas voces. A porta de tapete verde que conducía á cociña abríase e pechábase de súpeto cun golpe xordo. Agora sentíase un prolongado son, un son cacarexante e absurdo. Era o pesado piano ao ser arrastrado sobre as súas ríxidas rodas. E o aire! Se un lle dedicase algo de interese, era o aire sempre así? Suaves refoleos xogaban a perseguirse arriba, nas ventás, fóra, por detrás das portas. E había dúas diminutas murchas de sol, unha no tinteiro, outra nun marco de fotos de prata, tamén a xogar. Deliciosas murchiñas, sobre todo a de enriba da tapa do tinteiro. Estaba case quente. Unha cálida estreliña de prata. Daban gañas de bicala.

Soou o timbre da porta e oíuse renxer a saia estampada de Sadie polas escaleiras. Unha voz de home murmurou algo; Sadie respondeu con indiferenza:

—Díggolle que non sei. Espere. Preguntareillo á señora Sheridan.

—Que pasa Sadie? —preguntou Laura entrando no vestíbulo.

—É o florista, señorita Laura.

Abofé que o era. Alí, xusto no medio da porta había unha ancha bandexa baixa chea de macetas con lirios rosados. Ningunha especie máis. Nada máis que lirios, grandes flores rosadas, moi abertas, resplandecentes, case terriblemente vivas sobre os seus vermellos talos lustrosos.

—Oh, Sadie! —dixo Laura cun son similar a un lixeiro xemido. Agachouse como para quentarse naquel resplandor de lirios; sentiunos nos dedos, nos beizos, medrando no seu peito.

—Debe ser unha equivocación —dixo en voz moi baixa—. Ninguén pedira

tantos antes. Sadie vai buscar a mamá. —Pero nese momento a señora Sheridan uníase a eles.

—Está ben —dixo con calma—. Si, encargueinos eu. Non son unha delicia? Apertou o brazo de Laura. Pasaba onte pola tenda e vinos no escaparate. E de súpeto ocorréuseme que por unha vez na vida tería lirios dabondo. A festa no xardín era unha boa escusa.

—Pero crin que dixeras que non tiñas a intención de intervir —dixo Laura. Sadie marchara. O home da florería aínda estaba fóra na furgoneta. Rodeou o pescozo da súa nai cun brazo e suavemente, moi suavemente, mordeulle a orela.

—Querida nena, a ti non che gustaría unha nai razoable, a que non? Non fagas iso. Aquí está o home.

Traía aínda máis lirios, outra bandexa chea.

—Amontóeos na porta, aos dous lados da entrada, por favor —dixo a señora Sheridan—. Non che parece, Laura?

—Oh si mamá.

No salón, Meg, Jose e o bo do pequeno Hans lograran, á fin, trasladar o piano.

—Agora, se puxésemos este sofá contra a parede e cambiásemos todo da habitación agás as cadeiras, non lles parece?

—Perfecto.

—Hans, leva esas mesas á sala de fumar, e trae alguén que varra esas marcas da alfombra e... un momento, Hans... —A Jose gustáballe dar ordes aos serventes, e a eles gustáballes obedecela. Ela sempre lles facía pensar que estaban a participar nun drama—. Dígalle a mamá e á señorita Laura que veñan decontado.

—Moi ben señorita Jose.

Volveuse cara a Meg.

—Quero ver como soa o piano, por se acaso me piden que cante esta tarde. Imos ensaiar “Esta vida é triste”.

Pum. Ta-ta-ta! O piano soltou tal arroutada apaixonada que Jose mudou de expresión. Agarrou as mans. Mirou á súa nai e a Laura melancólica e enigmáticamente cando entraron.

Esta vida é triste,
Unha bágoa ... un salouco
Un amor que cambia
Esta vida é triste
Unha bágoa ... un salouco
Un amor que cam-bia,
E entón... adeus!

Pero ante a palabra “adeus” e aínda que o piano soaba máis desesperado que nunca, o seu rostro soltou un brillante e terriblemente antipático sorriso.

—Estou en voz, nai? —dixo sorrindo.

Esta vida é tris-te,
A esperanza vén morrer.
Un sono... un espertar.

Pero agora Sadie interrompeunas:

—Que pasa Sadie?

—Se me desculpa señora, a cociñeira pregunta se ten as tarxetas para os sándwichs.

—As tarxetas para os sándwichs, Sadie? —repetiu a señora Sheridan, ensimesmada. E as fillas souberon pola súa expresión que non as tiña—. Déixeme ver —e díxolle a Sadie con firmeza—, dígalle á cociñeira que llas levarei dentro de dez minutos.

Sadie marchou.

—A ver, Laura! —dixo a nai rapidamente—, vén comigo ao cuarto de fumar. Teño os nomes nalgures, escritos no dorso dun sobre. Terás que copialos. Meg, sobe decontado e quita esa cousa mollada da cabeza. Jose, vai acabar de vestirte agora mesmo. Rapazas ou me facedes caso ou terei que dicirlllo ao voso pai cando volva á casa esta noite. E... e, Jose, se vas á cociña calma a cociñeira, queres? Esta mañá aterrorizoume.

Á fin atopouse o sobre detrás do reloxo do comedor, aínda que a señora Sheridan

non podía imaxinar como fora parar alí.

—Nenas unha de vosoutras debeu de roubalo da miña carteira porque recordo perfectamente... requeixo fresco e callada de limón. Tédelo?

—Si.

—Ovos e... —a señora Sheridan afastou o sobre—. Parece atún, pero non pode ser, verdade?

—Olivas, meu ceo —dixo Laura, mirando por enriba do seu ombro.

—Por suposto olivas. Que mal soa esta combinación: ovos e olivas!

Por fin remataron, e Laura levounos á cociña onde atopou a Jose acougando a cociñeira, que non parecía nada aterradora.

—Nunca vin uns sándwichs tan exquisitos —dixo Jose, con voz entusiasta—. Cantas clases dixeches que había cociñeira? Quince?

—Quince señorita Jose.

—Ben cociñeira, felicítola.

A cociñeira recolleu as codias co coitelo longo do pan, e sorriu de orella a orella.

—Chegaron da de Godber —anunciou Sadie, saíndo da despensa. Vira pasar o home pola ventá.

Aquilo significaba que chegaran os pasteliños de crema. Godber era famoso polos seus pasteliños de crema. A ninguén se lle ocorría facelos na casa.

—Tráiaos e póñaos sobre a mesa, miña nena —ordenou a cociñeira.

Sadie tróuxoos e volveu á porta. Por suposto, Laura e Jose estaban demasiado medrardiñas para que lles importasen estas cousas. Así e todo, non podían negar que os pasteliños parecían atractivos. Moito. A cociñeira empezou a colocalos, sacudíndolle o exceso de azucre de alcorza.

—Non trasladan a unha a todas as festas que celebramos? —dixo Laura.

—Supoño que si —dixo a práctica Jose, a quen nunca lle gustou volver ao pasado—. Parecen lixeiros como unha pluma, hai que recoñecelo.

—Collan un cada unha queridiñas —dixo a cociñeira coa súa voz cálida—. A súa nai non se decatara.

Oh, imposible! Pasteliños de crema tan axiña despois do almorzo!; a mera idea facía estarrecer a un. Pero dous minutos despois Jose e Laura estaban a lamber os dedos con esa ollada absorta que só proporciona a crema batida.

—Vaiamos ao xardín polo camiño de atrás —suxeriu Laura—. Quero ver como

se van amañando os homes coa carpa. Son simpatiquísimos estes homes!

Pero a porta traseira estaba bloqueada pola cociñeira, Sadie, o home de Godber e Hans.

Algo pasara.

—Tac-tac-tac, cacarexaba a cociñeira como unha galiña nerviosa. Sadie tiña a palma da man contra a meixela coma se tivese dor de moas. A cara de Hans facía acenos nun esforzo por comprender. Só o home de Godber parecía estar a gusto; era a súa historia.

—Que pasa? Que sucedeu?

—Houbo un horrible accidente —dixo a cociñeira—, un home morreu.

—Un home morreu! Onde? Como? Cando?

Pero o home de Godber non ía deixar que lle arrebataran a súa historia diante do seu propio nariz.

—Señorita, coñece aquelas casiñas de alá abaixo? Coñéceas? Abofé que as coñecía. Ben, alí vive un tipo novo, chámase Scout, é carreteiro. Unha maquina de tracción espantoulle o cabalo esta mañá na esquina da rúa Hawke e tirouno de cabeza. Morreu.

—Morto! —Laura fitou o home de Godber abraiada.

—Xa estaba morto cando o levantaron —contestou o home con deleite—. Estaban a levar o corpo á casa cando eu subía cara a aquí. —E díxolle á cociñeira:

—Deixa muller e cinco pequenos.

—Jose, vén aquí. Laura colleu a súa irmá dun brazo e levouna pola cociña ata o outro lado da porta de tapete verde. Alí detívose e apoiouse contra ela.

—Jose —díxolle aterrada—, como imos suspender todo?

—Suspender todo Laura!, exclamou Jose abraiada. Que queres dicir?

—Suspender a festa no xardín, por suposto. Por que finxía Jose?

Pero Jose estaba aínda máis abraiada.

—Suspender a festa no xardín? Querida Laura non sexas tan ridícula. Está claro que non podemos facer nada semellante. Ninguén o espera de nosoutros. Non sexas tan esaxerada.

—Pero non podemos celebrar unha festa no xardín cun home morto xusto ao outro lado da nosa reixa.

Iso era realmente esaxerado, porque as casiñas estaban nunha rúa propia, xusto

ao fondo dunha costa empinada que levaba á casa. Había unha ancha estrada entre elas. Era certo que estaban bastante preto. Eran a cousa máis antiestética que podía haber e non tiñan ningún dereito a estar nese barrio. Eran pequenas vivendas mesquiñas, pintadas de marrón chocolate. Nos xardíns non había máis que repolos, galiñas enfermas e latas de tomate. Incluso o fume que saía das súas chemineas era pobre. Retallos e fragmentos de fume, tan distintos dos grandes fíos de prata que saían desenguedellándose das chemineas dos Sheridan. Na rúa vivían lavadeiras, varredores, un zapateiro remendafoles e un home que tiña toda a fachada da casa espaxada con diminutas gaiolas de paxaros. Había un formigueiro de rapaces. Cando os Sheridan eran pequenos tiñan prohibido poñer os pés alí, pola linguaxe rebelde e polo que se lles puidese contaxiar. Pero unha vez medraron, Laura e Laurie, nas súas andanzas, andaban por alí ás veces. Era noxento e sórdido. Saían asustados. Pero, así e todo, hai que ir a todas as partes; un debe velo todo. Por iso entraban.

—Só pensar como lle soará a orquestra para esa pobre muller... —dixo Laura.

—Oh, Laura! —Jose comezou a alporizarse en serio—. Se vas impedir que unha orquestra toque cada vez que alguén ten un accidente, vas levar unha vida moi extenuante. Eu sinto todo iso tanto coma ti. Compadézoos tanto coma ti. —Os seus ollos mantivéronse firmes. Mirou á súa irmá como adoitaba mirala cando eran pequenas e pelexaban—. Non vas devolverlle a vida a un obreiro bébedo por ser sentimental —dixo suavemente.

—Bébedo! Quen dixo que estaba bébedo? —Laura dirixiuse furiosa a Jose. E replicoulle, tal e como adoitaban dicir en ocasións similares— voullo dicir a mamá, agora mesmo.

—Vai, querida —dixo Jose cun arrollo.

—Mamá, podo entrar no teu cuarto? —Laura xirou o gran pomo de cristal.

—Claro miña nena. Pero que pasa? Que che fixo poñerte tan colorada? A señora Sheridan xirouse dende a súa mesa toucador. Estaba a probar un sombreiro novo.

—Mamá, morreu un home —empezou Laura.

—Non no xardín? —interrompeu a súa nai.

—Non, non!

—Ah, qué susto me deches! —a señora Sheridan suspirou aliviada, quitou o gran sombreiro e púxoo sobre os xeonllos.

—Pero escoita, mamá —dixo Laura. Sen folgos e medio afogada, contou a

terrible historia—. Está claro que non podemos celebrar a nosa festa, non si? —suplicou—. A banda... e todo o mundo chegando. Escoitarannos, mamá; son case veciños!

Para o abraio de Laura, a súa nai comportouse como Jose; doíalle máis porque ata lle parecía divertido. Negouse a tomar en serio a Laura.

—Pero, miña querida nena, hai que ter sentido común. Soubémolo só por casualidade. Se alguén morrese aí de morte natural, e non sei como se quera poden vivir neses buratños, teríamos igual a nosa festa, non si?

Ante iso Laura tivo que dicir “si” pero parecíalle totalmente inxusto. Sentou no sofá da nai e empezou a tirar do bordo dos coxíns.

—Mamá, non resulta tremendamente inhumano pola nosa parte? —preguntou.

—Queridiña! —a señora Sheridan ergueuse e achegouse a ela, levando o sombreiro. Antes de que Laura puidese detela chantoullo na cabeza—. Miña nena! —dixo a nai—, o sombreiro é teu. Está feito para ti. É demasiado xuvenil para min. Nunca te vin tan guapa. Mírate! —e colleu o espello de man.

—Pero mamá —volveu Laura. Non se podía mirar; botouse a un lado.

Desta vez a señora Sheridan perdera a paciencia como Jose.

—Laura, estás a ser moi ridícula —dixo friamente—. A xente coma esa non espera ningún sacrificio pola nosa parte. E non resulta moi solidario augarlle a festa a todo mundo, coma ti estás a facer agora.

—Non o entendo —dixo Laura—, e saíu axiña do cuarto para entrar no seu dormitorio. Alí, por simple casualidade, o primeiro que viu foi aquela encantadora rapaza no espello, co seu sombreiro negro enfeitado con margaridas douradas e unha longa fita de veludo negro. Nunca imaxinara que podía ter aquel aspecto. Ten razón mamá?, pensou. E agora desexaba que a súa nai tivese razón. Estou a ser esaxerada? Quizais fose esaxerado. Só por un momento albiscou outra vez aquela pobre muller, aqueles neníños e o corpo mentres o transportaban á casa. Pero todo parecía borroso, irreal como unha fotografía no xornal. Recordareino de novo unha vez remate a festa, decidiu. E dun modo ou doutro aquel parecía o mellor plan...

Remataron de xantar á unha e media. Ás dúas e media todos estaban listos para o combate. Os da banda das casacas verdes xa chegaran e estaban colocados nunha esquina da cancha de tenis.

Querida! —dixo Kitty Maitland cun rechouchío—, non che parecen tal cal ras

verdes? Debiches colocalos arredor do estanque co director no centro sobre unha folla.

Chegou Laurie e saudounos cando ía vestirse. Ao velo, Laura lembrou de novo o accidente. Quería contarllo. Se Laurie estaba de acordo co resto seguramente terían razón. E seguiu ata o vestíbulo.

—Laurie!

—Ola! —subira a metade das escaleiras, pero cando se volveu e viu a Laura, de súpeto inflou as meixelas e mirouna cos ollos desorbitados—. Recoiro Laura! Estás estupenda! Que sombreiro máis distinguido!

Laura dixo con voz feble:

—Si? —e sorriulle pero, así e todo, non lle contou nada.

Pouco despois comezou a chegar xente a mares. A orquestra rompeu a tocar; os camareiros contratados corrían da casa á carpa. Por todas partes onde un mirase había parellas paseando, inclinándose sobre as flores, saudando, camiñando polo céspede. Eran como brillantes paxaros que se pousaran sobre o xardín dos Sheridan esta tarde no seu camiño a... onde? Ai! Que felicidade é estar con persoas felices, estreitar mans, apertar as meixelas, sorrirse aos ollos!

—Laura, querida, que ben estás!

—Que ben che queda o sombreiro, rapaciña!

—Laura parece española. Nunca te vin tan imponente.

E Laura, radiante, preguntaba con dozura: “Tomou o té? Non quere un xeadado? Os xeados de froita da paixón son moi especiais”. Correu onda seu pai e suplicoulle:

—Querido papaiño, non podemos darlle algo de beber a orquestra?

E a tarde perfecta a modiño alcanzaba o ocaso, a modiño esvaecía, a modiño pechaba os seus pétalos.

“Nunca unha festa no xardín máis deliciosa...” “O maior éxito...” “A máis...”

Laura axudoulle á súa nai nas despedidas. Estiveron no pórtilo unha a carón da outra ata que todo rematou.

—Rematou, rematou, grazas a Deus —dixo a señora Sheridan—. Vai buscar os demais Laura. Vamos tomar café. Estou esgotada. Si, foi todo un éxito. Pero, ¡ai estas festas, estas festas! Por que porfiaredes, nenos, en dar festas?

Sentaron todos na carpa abandonada.

—Toma un sándwich, papaiño. Eu escribín a tarxeta.

—Grazas —o señor Sheridan deulle un bocado e o sándwich desapareceu.

Colleu outro—. Supoño que non soubestes nada do horrible accidente que tivo lugar de hoxe? —dixo.

—Querido —dixo a señora Sheridan, levantando a man—, soubemos. Case bota a perder a nosa festa. Laura insistiu en que debiamos suspendela.

—Oh, mamá! —Laura non quería que a amolasen con iso.

—De todos os xeitos, foi un suceso horrible —dixo o señor Sheridan—. Ademais, o home estaba casado. Vivía na rúa de abaixo, e deixa, segundo din, muller e media ducia de rapaciños.

Houbo un silencio incómodo. A señora Sheridan xogaba coa cunca. En realidade era unha falta de tacto por parte de papá...

De socato ergueu a vista. Na mesa estaban todos aqueles sándwichs, tortas, pastelinhos, que non se ían comer, que ían tirarse. Tivo unha das súas brillantes ideas.

—Xa sei —dixo—. Imos preparar unha canastra. Imos enviarlle a esa pobre criatura un pouco desta comida tan exquisita. Polo menos será un gran pracer para os rapaces. Non vos parece? E alegrarase de ter veciños que a visiten. Que sorte ter todo xa preparado! Laura! —ergueuse dun salto. Tráeme a canastra grande do armario das escaleiras.

—Pero mamá, cres de veras que é unha boa idea? —dixo Laura.

E outra vez, cousa rara, parecía ser distinta de todos os demais! Levar sobras da súa festa. Gustaríalle iso en realidade á pobre muller?

—Claro que si, que che pasa hoxe? Hai unha hora ou dúas insistías en que fosemos comprensivos e agora...

Pois, vale! Laura correu a buscar a canastra. Enchérona; a súa nai ateigouna de cousas.

—Lévaa ti mesma, querida —dixo—. Vai correndo, así como estás. Non espera, leva tamén uns lirios. A esa clase de xente impresionanlle tanto os lirios.

—Os talos van estragarche a puntilla do vestido —dixo a práctica Jose.

Así sería. Xusto a tempo.

—Entón só a canastra. Pero Laura—, a nai seguiuna ata fóra da carpa—, de ningunha maneira...

—Que mamá?

Non, mellor non poñer tales ideas na cabeza dunha nena.

—Nada, vaite xa.

Empezaba a escurecer cando Laura pechou a cancela do xardín. Un can grande corría como unha sombra. O camiño desprendía un resplandor branco e alá abaixo, na fondada, as casiñas estaba nunha total sombra. Que tranquilo parecía todo despois da tarde! Alí ía ela baixando a costa rumbo a un lugar onde un home xacía morto, e non podía crelo. Por que non podía? Detívose un minuto. E pareceulle que bicos, voces, o tintín das culleres, risas, o arrecendo do céspede esmagado estaban en certo modo no seu interior. Non tiña espazo para nada máis. Que raro! Mirou o ceo pálido e o único que se lle ocorreu foi: “Si, foi todo un éxito a festa”.

Agora había un cruzamento na ampla estrada. Comezaba a rúa escura e chea de fume. Mulleres con chales e homes con gorras de xerga pasaban ás présas por alí. Había homes apoiados nas estacadas; os nenos xogaban diante das entradas. Un feble murmurio procedía das miserables casiñas. Nalgunhas había unha luz que pestanexaba e unha sombra como de cangrexo víase mover a través das ventás. Laura baixou a cabeza e apresurou o paso. Oxalá puxera un abrigo. Como resplandecía o seu vestido! E o gran sombreiro coa fita de veludo; se polo menos fose outro sombreiro! Estaba a xente a mirala? Seguramente. Fora un erro vir; sabía dende o principio que fora un erro. Estaría agora a tempo de volver?

Non demasiado tarde. Aquela era a casa. Debía ser esa. Fóra había un sombrío círculo de xente. Ao lado da porta unha vella cunha muleta estaba sentada nunha cadeira, mirando. Tiña os pés sobre un xornal. Cando Laura se achegou, as voces cesaron. O grupo dividiuse. Era coma se a esperasen, coma se soubesen que ía cara a alí.

Laura estaba tremendamente nerviosa. Sacudindo a fita de veludo sobre o ombro preguntoulle a unha das mulleres que estaban de pé:

—É esta a casa da señora Scott?

E a muller sorrindo dun modo misterioso respondeu:

—É, señorita.

Oh, como saír disto! Chegou a dicir “Deus axúdame”, mentres subía polo diminuto camiño e chamaba. Como estar lonxe desas olladas penetrantes ou estar tapada con algo, ata con algún deses chales! Simplemente deixarei a cesta e marcharei, decidiu. Non vou esperar a que a baleiren.

Abriuse a porta. Unha mulleriña vestida de loito apareceu na escuridade.

Laura preguntou:

—É vostede a señora Scott? —Pero para o seu horror a muller contestou:

—Entre, por favor, señorita —e visue encerrada no corredor.

—Non —dixo Laura—, non quero entrar; só lle quero deixar esta cesta. Mamá enviou...

A pequena muller do corredor escuro non pareceu oíla.

—Pase por aquí, por favor, señorita —dixo con voz untuosa e Laura seguiuna.

Atopouse nunha miserable cociña pequena e baixa, iluminada por unha lámpada afumada. Había unha muller sentada fronte ao lume.

—Em —dixo a criaturiña que a trouxera—. Em!... é unha señorita. —Volveuse cara a Laura e aclaroulle:

—Son a súa irmá. Terá a ben desculpala, señorita?

—Non faltaría máis! —dixo Laura—. Por favor, por favor, non a moleste. Eu..., eu só quería deixar...

Pero nese momento a muller que estaba xunto ao lume volveuse. A súa cara inflada, colorada, cos ollos e os beizos inchados, parecía horrible. Parecía como se non puidese comprender por que Laura estaba alí. Que significaba? Por que esta descoñecida estaba de pé na cociña cunha canastra? Que era todo aquilo? E a pobre faciana pregouse de novo.

—Está ben, querida —dixo a outra—. Eu dareille as grazas a señorita.

E comezou outra vez:

—Terá a ben desculpala, señorita —e a súa cara, inchada tamén, esbozou un untuoso sorriso.

Laura só quería saír e marchar. Volveu ao corredor. Abriuse a porta e entrou directamente no dormitorio onde xacía o home morto.

—Quere velo, non? —dixo a irmá de Em —e fixo que Laura se achégase á cama—. Non teña medo, señorita —e agora a súa voz era cariñosa e silandeira. Baixou a saba con agarimo.

—E como unha foto. Non hai nada que ver. Vamos, querida.

Laura achegouse.

Alí xacía un home novo, profundamente durmido, durmindo tan profundamente, tan intensamente, que estaba lonxe, moi lonxe das dúas. Oh, tan remoto, tan sosegado! Estaba a soñar. Nunca volvería espertar. A súa cabeza estaba afundida na almofada, tiña os ollos pechados; estaban cegos baixo as pálpebras pechadas. Estaba sumido no seu soño. Que lle importaban a el as festas nos xardíns, as cestas e os encaixes dos vestidos?

Estaba lonxe de todas esas cousas. El era marabilloso, fermoso. Mentres eles rían e a orquestra tocaba, acontecera aquel milagre na rúa. Feliz... feliz... Todo está ben —dicía aquela faciana durmida. É como debía ser. Estou contento.

Pero de todas formas facía chorar a un, e Laura non puido saír do cuarto sen lle dicir algo. Laura emitiu un ruidoso salouco infantil.

—Perdoe, o meu sombreiro —dixo.

E desta vez non agardou pola irmá de Em. Atopou a porta da saída, baixou polo camiño e deixou toda aquel grupo escuro de xente. Na esquina da rúa atopou a Laurie.

Xurdiu da sombra.

—Es ti, Laura?

—Si.

—Mamá empezaba a se preocupar. Foi todo ben?

—Si, perfectamente. Oh Laurie! —Colleulle o brazo e arrimouse contra el.

—Pero non estarás a chorar, verdade? —preguntoulle o seu irmán.

Laura dixo que non coa cabeza. Si que estaba. Laurie pasoulle un brazo polos ombros:

—Non chores —dixo coa súa voz cálida e cariñosa—. Foi desagradable?

—Non —saloucou Laura—. Foi absolutamente marabilloso. Pero Laurie... —detívose, mirou para o seu irmán—. Non é a vida...? —dixo tateando—, non é a vida...? —Pero non podía explicar o que era a vida. Non importaba. El comprendíao perfectamente.

—Non é, querida? —dixo Laurie.